# O SINDICATO QUE LOITA O SINDICATO DA PÚBLICA

STEG

eleccións sindicais 2026 - programa:

# Educación Secundaria e Ensinanzas para Persoas Adultas

# Introdución

Imos a unhas novas eleccións sindicais comprobando, unha vez máis, a deterioración do ensino público galego e vendo como **o principal traballo desta Consellería é a propaganda e o autobombo**: xogar cos números e coas palabras, fabricar titulares nos medios afíns e presentar como éxitos medidas que, nos centros, amosan unha realidade ben diferente. Véndese como un éxito un plan de mellora da atención á diversidade no que **non existe unha ratio mínima para as orientadoras**, no que hai PTs e ALs que teñen que atender tres centros e no que **as ratios por aula fan imposible unha educación verdadeiramente individualizada e inclusiva.** Véndese como un éxito **a baixada ás 18 horas lectivas en Secundaria (a derradeira comunidade do Estado que o fixo)**, como se fose un avance histórico, cando **supón simplemente volver ás condicións do curso 2007-2008** e, ademais, en moitos casos faise a costa de perder horas por cargos e coordinacións. O que non mudou é que as substitutas seguen sen cobrar o verán, non hai redución de períodos lectivos a partir dos 55 anos, o profesorado debe impartir materias afíns para as que non ten formación específica, a burocracia non deixa de medrar e mesmo se poñen en cuestión as baixas do profesorado enfermo. E además observamos con envexa como **outras comunidades avanzan na recuperación salarial e aquí continúa sen abordarse a perda de poder adquisitivo do persoal educativo galego.**

O **STEG** non acepta esta realidade como un destino inevitábel. Non queremos administrar o deterioro: queremos combatelo e transformalo. Porque detrás de

cada praza sen cubrir, de cada aula que falta, de cada materia impartida sen a especialización necesaria e de cada recurso que non chega hai dereitos que se están a limitar: os **dereitos do persoal docente** e, sobre todo, os **dereitos do alumnado**.
Defendemos unha **Escola Pública Galega, inclusiva, feminista, laica e de calidade**, capaz de compensar desigualdades e de ser motor de transformación social. Unha escola con persoal suficiente, emprego digno e estable, ratios axeitadas, atención á diversidade, especialización docente e centros seguros e dotados dos recursos necesarios. Unha escola na que a participación e a democracia sexan realidade e non simples palabras.
Defendemos tamén **o galego como lingua vehicular do ensino público**, con políticas reais de normalización e recursos suficientes. Queremos unha escola que coide a nosa lingua e a nosa cultura, que aproveite a nosa relación co espazo lusófono e que integre o alumnado procedente doutros territorios sen renunciar á súa responsabilidade normalizadora.
Queremos **unha educación libre de violencias, discriminacións e sexismo**, comprometida coa igualdade e coa coeducación. Unha educación baseada no coñecemento científico e no pensamento crítico, nunha escola pública e laica que respecte a liberdade de conciencia de todas as persoas.
E queremos **unha rede pública forte en todo o territorio**: no rural, nos barrios e nas cidades. Unha rede que non peche escolas, que garanta transporte, conectividade e recursos e que asegure unha oferta pública suficiente de Educación Secundaria e de Ensinanzas para Persoas Adultas.
Este programa nace da experiencia diaria nos centros, das loitas das comunidades educativas e dunha concepción do sindicalismo que non se resigna. Porque facer sindicalismo non é simplemente responder aos problemas cando aparecen: é **interpretar o presente, organizarse, mobilizarse e disputar o futuro.**
**O futuro do ensino non está escrito. Con traballo, mobilización e loita sindical podemos cambialo.**

# Escola pública

Desde o STEG traballamos na defensa dunha Escola Pública Galega, como modelo educativo propio de calidade, compensador de desigualdades e motor de transformación social.

- **Dotación suficiente de persoal docente e non docente** nos centros para adecuar os cadros de persoal ás necesidades educativas e sociais actuais. Estes cadros teñen que ser estruturais e estables para poder poñer en marcha estratexias e proxectos de centro a longo prazo.
- Redución do **horario a 18 periodos lectivos** semanais, sen excepcionalidade.
- **Ratio máxima de 20** alumnas e alumnos en Secundaria e Bacharelato.
- Todas as materias que conleven **desdobres, talleres e laboratorios non terán máis de 12 alumnas** por aula e sen establecer ratios mínimas. Aumento da oferta de materias optativas e eliminación do requisito dunha ratio mínima para impartilas.
- **Potenciación das materias artísticas e humanísticas**, para o desenvolvemento integral da persoa, fronte ao menosprezo que se fai destas materias.
- **Eliminación dos concertos** da administración para subvencionar, ao profesorado e ao alumnado, títulos de entidades privadas (Trinity, Cambridge...) en lugar de facelo con titulacións das EOI.
- **Garantía da liberdade de expresión e da autonomía docente** fronte á censura e eliminación das instrucións de neutralidade ideolóxica.
- Execución dun **Plan de Centros** para a dotación dos materiais necesarios para

a práctica docente e a mellora das infraestruturas existentes. Construción ou remodelación dos centros con criterios de bioclimatización, ventilación e illamento.

- **Supresión das avaliacións diagnósticas** por seren elaboradas de xeito externo e subordinadas a obxectivos de mercantilización e competitividade e teren un espírito contrario ao da integración da diversidade.
- Autonomía organizativa e pedagóxica dos centros para determinar a súa **xornada escolar** tendendo, na medida do posible, a eliminar as xornadas partidas.
- Aposta por un **servizo exclusivamente público de comedor** a través da contratación de persoal especializado para a xestión do comedor e a elaboración dos menús. Aumento do orzamento por alumnado e priorización dos produtos de proximidade, no camiño de que a escola teza relacións colaborativas coa contorna da comunidade educativa onde se insire a súa actividade.
- **Non ao peche de unidades nas escolas públicas** mentres se manteñen as unidades das concertadas.
- Garantía do dereito a **materiais impresos** para o alumnado que así o precise.
- Formación do profesorado en **tecnoloxías dixitais** desde unha perspectiva crítica e pedagóxica.
- **Protección dos datos do alumnado** fronte á privatización e ás grandes plataformas tecnolóxicas.
- Mellora do funcionamento do programa E-DIXGAL:
  - Para a xestión das **tarefas técnicas e burocráticas de EDIXGAL**, contratación de persoal técnico especializado en cada centro.
  - Xestión directa pola Consellería da contratación do **Seguro de Reparación para E-DIXGAL**, abaratamento do mesmo e gratuidade para as familias con menos recursos.
- Mantemento e ampliación dos **auxiliares de conversa** de linguas estranxeiras.

# Condicións xustas e igualitarias para todas

Desde o STEG defendemos o principio básico de "a igual traballo, igual salario", polo que loitamos contra todas as discriminacións existentes entre as traballadoras do ensino. Entendemos que a división en categorías e a acumulación de méritos funcionan moi ben para dividir o colectivo docente, por iso reivindicamos a profesión docente como parte da clase traballadora.

- » **Incremento salarial en función do IPC** real mais unha porcentaxe para a **recuperación do poder adquisitvo** perdido incluíndo a **recuperación da paga extra íntegra.**
- » **Xubilación voluntaria aos 60 anos** de todo o profesorado.
- » Redución do tempo de traballo para as **docentes maiores de 55** anos cunha redución horaria como mínimo de 3 períodos lectivos sen minguar o seu salario.
- » Establecemento do **Corpo Único de Ensinantes** cunha equiparación salarial de todo o profesorado, unha formación inicial do mesmo nivel e unha formación continua en relación coa función educativa desenvolvida, tal e como leva o STEG defendendo historicamente.
- » Mellora da **situación laboral do persoal interino** e substituto co cobro íntegro do verán e a posibilidade de restrinxir libremente por concellos.
- » Elaboración e posta en funcionamento dun **protocolo de acoso docente** xunto cun protocolo específico de protección xurídica e psicolóxica para o profesorado e asistencia legal inmediata en situacións de conflito grave.



» Avaliación periódica dos **riscos psicosociais** e Plan específico para a prevención do *burnout* docente.
» Eliminación, simplificación e automatización dos **trámites burocráticos**, especialmente no caso dos equipos directivos, coa contratación de persoal administrativo para realizar algunhas destas funcións.
» Regulación das **materias afíns,** establecendo como requisito as mesmas titulacións que para acceder ás listas abertas dunha especialidade.
» **Aumento das reducións** de períodos lectivos (non complementarios) para todos os cargos e coordinacións.
» **Recoñecemento das titorías con efectos económicos e administrativos**, para quen a exerce, cunha redución dun mínimo de **3 períodos lectivos** que permita a coordinación coas familias e o seguimento do alumnado.
» **Remuneración de todas as coordinacións** sen excepción.
» Democratización do **proceso de elección das direccións** tendo en conta exclusivamente as votacións do claustro e do consello escolar.
» Cobro dos **complementos específicos** por parte das persoas que substitúan persoal con cargos.
» **Recoñecemento administrativo das titorías** e das coordinacións ao persoal substituto.
» Revisión completa e mellora das **condicións dos equipos directivos** en relación ao número de horas lectivas de liberación, á súa retribución, e á limitación a 2 mandatos consecutivos.
» **Implantación de permisos** con redistribución do salario como o ano sabático ou o permiso parcialmente retribuído de 6 meses.
» Convocatoria de **licenzas por formación** e de estadías no estranxeiro retribuídas.
» Recuperación dos beneficios perdidos asociados ao **Fondo de Acción Social**.
» **Eliminación da libre designación das presidencias**

dos tribunais de oposicións.

» Sistema de **acceso diferenciado** para exercer a función docente. Dobre vía de acceso.
» Establecemento dun sistema de **chamamentos para substitucións** transparente e áxil, cun máximo de 48 horas para a chegada do persoal substituto.
» **Revisión anual das listaxes de substitución**, abríndoas ao inicio do curso se non superan un certo número de persoas, calculado en función do número de substitucións do curso anterior.

# Escola diversa

Desde o STEG entendemos a diversidade como un valor e unha riqueza, mais precisa de tempo e de recursos para ser coidada. A escola debe ser un espazo de liberdade e de seguridade que permita o desenvolvemento e formación de persoas críticas, solidarias e activas na construción dun mundo mellor. Un mundo onde todas as persoas teñan as mesmas oportunidades.

» Actualización e posta en marcha dunha maneira firme e efectiva da **Rede Galega de Orientación**.
» Revisión das funcións do **Equipo de Orientación Educativa**, adecuando as funcións asignadas á realidade dos centros, reducindo a sobrecarga derivada da acumulación de responsabilidades e garantindo unha dotación orzamentaria e de persoal, axeitada para desenvolver un labor de calidade.

- Revisión do **modelo de orientación educativa:** defendemos un modelo de orientación proactivo e preventivo, centrado na educación e na inclusión, que rexeite a patoloxización do alumnado.
- Establecemento dunha **ratio máxima para orientación** de 250 alumnas.
- Incorporación de **persoal administrativo** para desenvolver as tarefas burocráticas asociadas á orientación.
- **Aumento do persoal especializado na atención á diversidade**. Aumento de forma estrutural das prazas de PT, AL e coidadoras. Redefinindo os catálogos en base a criterios pedagóxicos.
- **Dotación suficiente** de persoas, materiais e recursos organizativos necesarios para atender a diversidade do alumnado, compensar as desigualdades e asegurar a igualdade de oportunidades.
- Todos os centros educativos deben reunir as **condicións arquitectónicas e físicas axeitadas** para garantir a correcta atención ao alumnado.
- **Escolarización equitativa** que poña fin á segregación e aos centros gueto, sen afastar o alumnado dos seus barrios, mediante unha planificación educativa que destine máis recursos ás contornas con maiores necesidades, con redución de ratios, creación de unidades e dotación suficiente de persoal e medios.
- **Educación baseada no coñecemento científico e humanístico**, que fomente o pensamento crítico, a liberdade de conciencia e expresión, a igualdade, a laicidade, a solidariedade e o respecto á diversidade, fronte á desinformación, a manipulación e os discursos de odio.
- Desenvolvemento de programas de coeducación, educación emocional e sexual, educación para a sostibilidade e o coidado medioambiental, educación para a paz e a democracia, como **temas transversais** en todas as materias.

» Revisar as funcións do **Equipo de Orientación Educativa** aumentando a súa dotación orzamentaria e de persoal.
» Aumentar a asignación de períodos lectivos da **Coordinación de Benestar e Convivencia** dos centros educativos e proporcionar formación acorde ao cargo.
» Implantación da figura das **Educadoras Sociais e Integradoras Sociais** nos centros educativos, para desenvolver labores de acompañamento ao alumnado en situación de vulnerabilidade e de prevención, así como a intermediación cos servizos sociais.
» Creación de **equipos de apoio ao alumnado LBGTIQ+** en todos os centros educativos, con dotación de horas ao profesorado coordinador, que deberá recibir formación específica.
» Fomentar a **educación sexual integral** e a visibilidade, sensibilización e formación en diversidade sexual, identidade de xénero e familiar e formación de profesorado para incluir na súa práctica docente estes contidos de xeito transversal e curricular.
» Posta en marcha de **Grupos de Adquisición de Linguas e de Competencia Curricular** para a atención de alumnado estranxeiro que chega con descoñecemento da lingua ou cun nivel curricular moi baixo. Dotación de persoal especialista aos ditos grupos.
» Xeneralización dun plan de **reforzo gratuíto polas tardes**, similar ao PROA, para aquel alumnado con máis dificultades.
» Establecer un protocolo de comunicación bidireccional seguro entre os **servizos de saúde e o equipo de orientación** para coñecer diagnósticos do alumnado que poidan afectar ao seu desenvolvemento educativo.
» **Implementar a reunión semanal das titoras** de cada nivel con orientación e xefatura de estudos dentro do horario e como período lectivo para a persoa titora.

# Escola en galego

Levamos anos denunciando o proceso de substitución no que se atopa a lingua propia do país. Entendemos que o galego debe ser a lingua vehicular de todo o sistema educativo público galego.

- **Derrogación do Decreto de Plurilinguismo**.
- **Aprobar un novo Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega**, consensuado social e politicamente, que impulse unha política lingüística integral e eficaz.
- **Deseñar un novo modelo de Educación Lingüística** que garanta a competencia plena en galego e castelán para todo o alumnado, superando as limitacións do actual modelo de plurilingüismo.
- **Reforzar o papel do galego como lingua vehicular do ensino**, ampliando a súa presenza en todas as etapas educativas, áreas de coñecemento e actividades complementarias e extraescolares.



- **Recuperar o uso social do galego entre a infancia e a mocidade**, promovendo a súa utilización nos patios, nos espazos informais, nas actividades de lecer e nas relacións entre iguais.
- **Eliminar os prexuízos e a situación de diglosia**, impulsando unha educación que valore o galego como lingua propia, de prestixio e de futuro.
- **Mellorar a formación inicial e permanente do profesorado** en didáctica das linguas, competencia plurilingüe e metodoloxías comunicativas, reforzando tamén o compromiso coa normalización lingüística.

- **Garantir recursos suficientes en galego**, como materiais didácticos, recursos dixitais, ferramentas de intelixencia artificial, fondos bibliográficos e contidos audiovisuais adaptados a todas as etapas educativas.
- **Impulsar a investigación sociolingüística e a innovación educativa**, para coñecer mellor os hábitos lingüísticos da mocidade e desenvolver estratexias eficaces de promoción do galego.
- **Favorecer a implicación das familias, da comunidade educativa e do conxunto da sociedade**, apoiando o neofalantismo, a transmisión familiar do galego e a súa presenza nos ámbitos sociais, deportivos, culturais e sanitarios.
- **Construír un modelo educativo inclusivo, realista e participativo**, que facilite a acollida lingüística do alumnado inmigrante, incorpore o portugués como lingua de proximidade e sitúe o galego como eixo da competencia plurilingüe e da cohesión social.
- Utilización do galego como **lingua vehicular de todas as actividades complementarias** e de socialización secundaria.
- **Utilización exclusiva do galego nas comunicacións** internas e externas dos centros, titoría e formación de familias, funcionamento dos departamentos e sinalética do centro.
- Recuperación do papel central dos Equipos de Normalización Lingüística nos centros, co seu nome orixinal.
- **Mellora da asignación económica dos ENL** con orzamentos fixos e dende o inicio de curso.
- **Maior cantidade de períodos lectivos de liberación para a coordinación do ENL** e para todas as integrantes dos equipos.
- **Elaboración anual dos Proxectos Lingüísticos de Centro de xeito funcional e eficiente**, con modelos participativos que sexan máis que un documento no

que se distribúen horas de galego e castelán nas diferentes materias, que sexan modelos de boas prácticas normalizadoras.

- **Eliminación da exención en lingua galega** para o alumnado de orixe estranxeira que se incorpora ao noso territorio sen unha avaliación previa.
- Implantación de **plans de acollida linguistica e cultural** en lingua galega para o alumnado procedente doutros territorios.
- **Fomento de laboratorios de conversa** para poder traballar de maneira real a oralidade nas aulas e a fonética.
- Equilibrio de horas de docencia das dúas linguas cooficiais e da primeira estranxeira en todos os centros.
- Oferta de **Literatura Galega do Século XX** contextualizada co resto de materias en 2º de bacharelato e non en 1º de bacharelato competindo con Literatura Universal.
- **Desenvolvemento real, e con apoio orzamentario suficiente da Lei Paz-Andrade** para que o ensino do portugués teña as mesmas condicións que o inglés e/ou o francés; isto é, que poida ser escollido (por tanto que sexa ofertado nas matrículas), ben como segunda lingua estranxeira, ben como primeira lingua estranxeira, en todas as escolas galegas.
- **Afianzamento dos departamentos de portugués** e fomento de intercambios educativos con Portugal.
- Creación como materia optativa de **Culturas da Lusofonía.**

# Escola feminista

O STEG distinguiuse sempre por contribuír coa súa acción e ideoloxía contra as violencias, maltratos e opresións específicas a que están sometidas as mulleres. O feminismo é transversal a toda a nosa acción, e cremos que tamén debe

permear toda a acción educativa. Loitamos contra as formas de discriminación e sexismo que permanecen e se reproducen a través do noso sistema educativo. Defendemos unha escola igualitaria en dereitos e oportunidades, libre de violencias e coeducativa, sen androcentrismo.

- **Desenvolvemento e implementación efectiva de Plans de Igualdade en todos os centros educativos** que contemplen proxectos de coeducación e de prevención de todas as formas de violencia machista.
- **Redución en períodos lectivos para as coordinacións de igualdade** e recoñecemento das horas para todas as integrantes dos equipos.
- **Elaboración de protocolos para a prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo** nos centros educativos. Activación dos mesmos cando sexa necesario.
- Inclusión no currículo escolar e nos plans de Acción Titorial da **Educación para a Igualdade, da Educación Afectivo-Sexual, da prevención da violencia machista e da resolución pacífica dos conflitos**. Formación permanente do profesorado nestas materias por parte de persoas expertas.
- Aplicación, seguimento e avaliación por parte da Consellería das medidas do **Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero 2025** recollidas no ámbito da educación.
- Ampliación do permiso por nacemento, adopción ou acollemento con carácter intransferible ata un período de **24 semanas**, de acordo coas recomendacións da Organización Mundial da Saúde.
- Ampliación da redución horaria por **lactación ata os 25 meses de vida** da crianza. No caso de acumulación ao

permiso por nacemento, incremento proporcional dos días correspondentes.

» Ampliación da idade ata os 12 anos dos fillos e fillas para acceder a unha **Comisión de Servizo por Conciliación.**
» **Cotexo da situación de monomarentalidade** para unha concesión clara e transparante de comisións para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
» Posibilidade de **reducir desde un terzo a xornada laboral por asuntos particulares para todo o profesorado**, coa correspondente redución retributiva.
» Os **períodos vacacionais e non lectivos** do calendario escolar non computarán como permiso por nacemento, adopción ou acollemento.
» **Garantir a formación inicial e permanente do profesorado en igualdade entre mulleres e homes e en coeducación**, incorporando estas materias como obrigatorias nos graos de Educación, Psicoloxía e Pedagoxía, así como no Máster de Profesorado.
» Integración nos currículos da **contribución das mulleres á ciencia**, á cultura e ao desenvolvemento social.

# Escola laica

Defendemos a separación entre Igrexa e Estado como garantía de convivencia, tolerancia e igualdade entre persoas crentes e non crentes. Os contidos dos currículos educativos deben estar avalados pola ciencia, desde calquera das súas disciplinas. Cremos que as ensinanzas relixiosas teñen que estar fóra do sistema educativo público e, en coherencia con isto, somos a única forza sindical do ensino que non traballa co profesorado de relixión.

- **Garantir unha escola pública laica**, baseada no respecto á liberdade de conciencia, á igualdade e aos valores democráticos.
- **Eliminar a segregación do alumnado por razóns de crenzas ou ideoloxía**, suprimindo a organización derivada da oferta da materia de Relixión.
- **Retirar a Relixión confesional do currículo escolar e do horario lectivo**, garantindo unha formación común para todo o alumnado baseada no coñecemento científico e humanístico.
- **Promover unha educación fundamentada na racionalidade**, no pensamento crítico, nos dereitos humanos, na igualdade entre mulleres e homes e no respecto á diversidade afectivo-sexual e de xénero.
- Garantir que **os centros educativos sexan espazos libres de calquera forma de adoutrinamento relixioso ou ideolóxico**, respectando a liberdade de conciencia do alumnado.
- **Derrogar os acordos do Estado español coa Santa Sé** que condicionan a presenza da Relixión confesional no sistema educativo.
- **Suprimir a consideración da experiencia docente como profesorado de Relixión** para os efectos de acceso, ingreso ou provisión de postos na función pública docente.
- **Reforzar o carácter laico das institucións educativas públicas**, garantindo a súa neutralidade ideolóxica e confesional como principio básico dunha educación democrática.
- Ofertar a materia de **Historia das Relixións,** asociada ao departamento de Filosofía.

# Escola rural

O STEG presta especial atención á contorna na que se desenvolve Galiza, polo tanto, pretendemos potenciar os centros educativos no rural como eixos da vida social. Defendemos a creación dun plan estratéxico que potencie unha rede rural de centros, que mellore a rede de transporte e que evite a fenda dixital no rural.

» **Frear o peche de centros educativos no rural** e reforzar a rede pública como elemento esencial para a cohesión territorial e social de Galicia.

» Recoñecer o **papel estratéxico dos centros educativos do rural** como motores de innovación pedagóxica, dinamización social e vertebración do territorio.

» Elaborar un **Plan Galego de Educación no Rural** que garanta a igualdade de oportunidades, combata o despoboamento e impulse o desenvolvemento das comunidades rurais.

» **Ampliar a rede de Centros Rurais Agrupados (CRA)**, fortalecer as escolas unitarias e recoñecer a singularidade e o labor das súas direccións e do seu profesorado.

» **Garantir recursos humanos, materiais, tecnolóxicos e de conectividade suficientes** para eliminar a fenda dixital e asegurar a igualdade educativa no rural.

» **Eliminacion das itinerancias,** dotando nestas situacións de profesorado a tempo completo.

» **Oferta obrigatoria pública de todas as modalidades de Bacharelato e de todas as optativas**, que permita a igualdade de acceso a toda a poboa-

ción. Incremento orzamentario para atender as súas características propias. Non apoiamos a especialización de modalidades por centros.

- **Non derivar o alumnado con NEAE a centros grandes**, senón darlles os servizos que precisan no centro que lles corresponde, tamén no rural.
- **Oposición á esixencia dun mínimo de alumnado para manter os centros no rural abertos.** Ratios reducidas e agrupamentos flexibles para manter os centros no medio rural.
- **Garantía da presenza de auxiliares de conversa nos centros do rural.**
- **Adaptar o transporte escolar ás necesidades pedagóxicas e organizativas dos centros**, priorizando os criterios educativos fronte aos intereses empresariais.
- **Garantir rutas e paradas seguras**, flexibilizar o acceso ao transporte escolar e incluír nel as actividades complementarias e extraescolares.
- **Eximir o profesorado de calquera responsabilidade civil durante os tempos de espera e transporte escolar**, regulando a figura do persoal acompañante.
- **Garantir unha xestión pública, directa e de calidade dos comedores escolares**, asegurando unha alimentación saudable e priorizando os produtos de proximidade do comercio local que conlevan un desenvolvemento económico da contorna.

# ENSINANZA DE PERSOAS ADULTAS

- **Manter e ampliar a oferta pública presencial da Educación de Persoas Adultas en todo o territorio galego**, atendendo á demanda social existente e garantindo os recursos humanos e materiais necesarios.
- **Incrementar os cadros de persoal públicos e estables**, garantindo unha dotación suficiente de profesorado en todos os centros de Educación de Persoas Adultas.
- **Aprobar unha normativa específica para a Educación de Persoas Adultas** que recoñeza a súa singularidade, mediante regulamentos orgánicos propios e currículos adaptados ás características e necesidades deste ensino.
- **Aplicar ratios específicas e máis reducidas na Educación de Persoas Adultas** para garantir unha atención educativa de calidade e adaptada á diversidade do alumnado.
- **Incorporar de forma estable profesorado da especialidade de Pedagoxía Terapéutica (PT) en todos os centros de Educación de Persoas Adultas** para atender as necesidades específicas de apoio educativo.
- **Dotar todos os centros de Educación de Persoas Adultas de persoal de administración e servizos (PAS)**, así como dos espazos, infraestruturas, equipamentos e recursos materiais necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade docente.
- **Ampliar e diversificar a oferta educativa presencial, semipresencial e a distancia**, garantindo ensinanzas de alfabetización, alfabetización dixital, educación básica, preparación para a obtención dos títulos de ESO e Bacharelato, acceso á Formación Profesional e á Universidade para maiores de 25 anos, formación ocupacional, formación permanente, linguas estranxeiras, competencias

dixitais e formación para a participación social, cultural, política e económica.

- **Regularizar e consolidar as ensinanzas non regradas con maior demanda social, como Galego** e Castelán para persoas estranxeiras, dotándoas de estabilidade, profesorado e recursos propios.
- **Garantir a oferta da lingua portuguesa en todas as Escolas de Educación de Persoas Adultas**, tanto na modalidade presencial como na semipresencial, así como a posibilidade de elixila nas probas libres para a obtención dos títulos de ESO e Bacharelato nas mesmas condicións que o inglés e o francés.
- **Garantir unha formación inicial, específica e permanente do profesorado**, de calidade e desenvolvida en horario compatible coa xornada laboral.
- Recoñecer e incluír dentro da xornada laboral o tempo destinado ao deseño, elaboración, adaptación e actualización de materiais didácticos específicos para a Educación de Persoas Adultas.
- **Regular un sistema de concurso específico para os centros de Educación de Persoas Adultas** con convocatorias periódicas, permitindo a participación de todo o profesorado interesado, con independencia da súa antigüidade no centro de destino.
- **Coordinar a resolución definitiva dos concursos de traslados do profesorado de Educación Secundaria e de Educación de Persoas Adultas** para evitar vacantes innecesarias e garantir unha mellor planificación dos cadros de persoal.
- **Establecer criterios homoxéneos, transparentes e obxectivos na creación e oferta de prazas das distintas especialidades docentes nos concursos de traslados,** evitando diferenzas de tratamento entre especialidades.
- Impulsar políticas de igualdade, coeducación e prevención das violencias machistas na Educación de Persoas Adultas.

- **Deseñar e desenvolver programas específicos de formación, cualificación e promoción educativa dirixidos ás mulleres adultas**, favorecendo a igualdade de oportunidades e a inclusión social.
- **Garantir a formación básica previa** para facilitar o acceso aos ciclos formativos de Formación Profesional.
- Consolidar a oferta de cursos experimentais e de formación ocupacional adaptados ás necesidades sociais e laborais da poboación adulta.
- **Reforzar a formación permanente** orientada á reciclaxe profesional e á recualificación das persoas traballadoras ao longo da vida.
- **Promover a aprendizaxe das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)** e a adquisición de competencias dixitais para toda a cidadanía.
- **Garantir unha oferta suficiente de ensinanzas de linguas estranxeiras** adaptadas ás necesidades do alumnado adulto.

# CANDIDATURA POR PROVINCIAS

## A Coruña

| Traballadora | Centro de traballo |
|---|---|
| Maca Rocamonde Iglesias | IES Antonio Fraguas Fraguas (Compostela) |
| Alfonso Martínez López | IES Félix Muriel (Rianxo) |
| Antía Cortizas Leira | CIFP Ánxel Casal (A Coruña) |
| Pedro Del Pozo Toscano | IES A Sardiñeira (A Coruña) |
| Sandra Villar Giner | IES de Carral |
| Iago Raposo Mera | IES Elviña (A Coruña) |
| Xema Sanxurxo Rodríguez | IES de Bergondo |
| Marcos Perille Seoane | EPAPU Santa María de Caranza (Ferrol) |
| Clara Pino Bañón | IES da Pobra do Caramiñal |
| Pepe Cabido Pérez | IES Antonio Fraguas Fraguas (Compostela) |
| Mercedes Teijeiro Gato | CIFP Compostela |
| Paco Rañal Loureiro | IES Saturnino Montojo (Ferrol) |

Verónica Pérez Rouco..... IES Alfonso X O Sabio (Cambre)
Alfredo Iglesias Diéguez..... IES Xulián Magariños (Negreira)
Ángeles Fernández Baz..... IES Sofía Casanova (Ferrol)
Óscar Rodríguez De Dios..... IES Agra do Orzán (A Coruña)
Susana Hermo Figueira..... IES Félix Muriel (Rianxo)
Fernando Rei Maio..... CMUS Profesional de Santiago
Mariluz Noya Loureiro..... IES do Milladoiro (Ames)
David Canoura López..... IES de Melide
Lucía Muñoz Pereira..... CEIP Xacinto Amigo Lera (Val do Dubra)
Xabier Campos Villar..... CPI Camiño de Santiago (O Pino)
Carmen Baldomir Cabanas..... IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo)
Uxío Leira Luaces..... CPI A Xunqueira (Fene)
Marta Santos Pérez..... CIFP Compostela
Diego Pérez Castro..... CEIP Agro do Muíño (Ames)
Concha Fernández Fernández..... CIFP Compostela
Mateo Blanco Loimil..... IES Porto do Son
Sandra Domínguez Carreiro..... IES de Oroso
Xis Costa Valiño..... IES Monte Neme (Carballo)
Noa Caamaño Sánchez..... CEIP Plurilingüe Víctor López Seoane
..... (A Coruña)
Fernando Vidal Collazo..... CIFP Universidade Laboral (Culleredo)
Raquel Sánchez Mata..... IES Monte das Moas (A Coruña)
Óscar Iglesias Araújo..... IES Xelmírez I (Compostela)
Cris Vázquez Del Prisco..... IES Eduardo Pondal (Ponteceso)
Luana Ferreira Pires..... EPAPU Eduardo Pondal (A Coruña)
Anxo Otero Montero..... IES Antonio Fraguas Fraguas (Compostela)
Maiuca Cortón Tesouro..... CEIP de Outes
Tucho Méndez López..... IES Salvador de Madariaga (A Coruña)
Paula Morales Pereira..... IES Eusebio da Guarda (A Coruña)
Henrique Xoán Rodríguez Pantín..... CPI Plurilingüe O Cruce (Cerceda)
Ana María Allegue Casal..... IES Breamo (Pontedeume)
Jorge Gutiérrez Maroto..... IES Ferrol Vello (Ferrol)
Alba Sánchez Novo..... IES de Fene
Pedro Lamas Carral..... IES Antonio Fraguas Fraguas (Compostela)
Ana Calviño Bestilleiro..... CIFP Paseo das Pontes (A Coruña)

José Antonio Valiña Alonso..... IES Isidro Parga Pondal (Carballo)
Carmina Lema Cotelo..... IES Ramón Otero Pedraio (A Coruña)
Xosé Antonio López Silva..... IES de Ames
María Lojo Abeijón..... CPI Plurilingüe Cernadas de Castro (Lousame)
Raquel Rendo Martínez..... IES Miraflores (Oleiros)
Miguel Louzao Outeiro..... CPI Plurilingüe de Vedra
Charo Pastoriza Entenza..... IES Adormideras (A Coruña)
María José Portero Sotelo..... CEIP Plurilingüe O Graxal (Cambre)
Andrés Etxeitxa Costales..... EASD Mestre Mateo (Compostela)
Juan José González Luaces..... IES Saturnino Montojo (Ferrol)
Milagros Sacido Romero..... IES Antonio Fraguas Fraguas (Compostela)
Paulo Rendo Martínez..... IES Xulián Magariños (Negreira)
Estela Areas Pérez..... IES Xelmírez I (Compostela)
Chema Jiménez Bernal..... CIFP Coroso (Ribeira)
María José Caride Delgado..... CIFP Ánxel Casal (A Coruña)
Lidia Rodríguez Rodríguez..... CIFP Ánxel Casal (A Coruña)
Francisco Javier Cabana Casas..... CEIP Plurilingüe de Andrade (Pontedeume)
Rosa García Facal..... IES Monte Neme (Carballo)
Alberto López Muñiz..... CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel (Ferrol)
Mila Rodríguez Abad..... CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez (A Coruña)
César Lema Pérez..... IES Xelmírez I (Compostela)
Carme Moure Espiño..... IES Xelmírez I (Compostela)
Susana Núñez Real..... IES Salvador de Madariaga (A Coruña)
Iñaki Varela Pérez..... IES de Oroso
Rosa Figueroa Insua..... EASD Mestre Mateo (Compostela)
Vicente Bouzas Caamaño..... CIFP Imaxe e Son (A Coruña)
Lara Rozados Lorenzo..... IES Rosalía de Castro (Compostela)
Xiao Somoza Rodríguez..... CPI Plurilingüe Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro)

# CANDIDATURA POR PROVINCIAS

## Lugo

| Traballadora | Centro de traballo |
|---|---|
| Emma González Ferreiro | IES Sanxillao (Lugo) |
| Félix Roca Rábade | IES Francisco Daviña Rei (Monforte de Lemos) |
| Carmen Fernández Anllo | IES Ánxel Fole (Lugo) |
| Marcos Chavarría Teijeiro | IES Ánxel Fole (Lugo) |
| Alba Díaz Fernández | CEIP De Muimenta (Cospeito) |
| Lois Pérez Díaz | CEIP Veleiro-Docampo (Castro De Rei) |
| Consuelo Rodríguez Prieto | Equipo De Orientación Específico (Lugo) |
| José Manuel Cabezudo Moreno | CEIP A Ponte (Lugo) |
| Celia M.ª García Pena | IES Sanxillao (Lugo) |
| Francisco Xabier Legaspi Díaz | IES Lucus Augusti (Lugo) |

| | |
|---|---|
| María Guerreiro Muñoz | IES Nosa Sra. Dos Ollos Grandes (Lugo) |
| Javier Gómez Vázquez | IES San Rosendo (Mondoñedo) |
| M.ª Das Mercedes Grueso Valiño | CEIP Menéndez Pelayo (Lugo) |
| Xoán Xosé Díaz Valiño | CEIP Veleiro-Docampo (Castro De Rei) |
| Elba Cancio Villamarín | IES Da Terra Cha Xosé Trapero Pardo (Castro De Rei) |
| Víctor Alfredo Peinó Díaz | IES Lois Peña Novo (Vilalba) |
| Yolanda Pérez Zapiain | IES Leiras Pulpeiro (Lugo) |
| Gelo Peña Portomeñe | CEIP Illa Verde (Lugo) |
| M.ª Elvira Gómez Rodriguez | CEIP Illa Verde (Lugo) |
| Iván López Arias | CEIP Poeta Avelino Díaz (Meira) |
| Celia M.ª Armesto Rodríguez | CEIP Illa Verde (Lugo) |
| Alejandro Núñez Ceide | CEIP Anexa (Lugo) |
| M.ª Do Pilar García López | Equipo De Orientación Específico (Lugo) |
| Jesús Manuel Manteiga Sanjurjo | IES Río Miño (Rábade) |
| Fátima Cruzado Folgueira | CEIP A Ponte (Lugo) |
| Emilio Alberto Guerreiro Muñoz | CIFP Politécnico (Lugo) |
| María Cendán González | IES San Rosendo (Mondoñedo) |
| Tomás Antonio Fernández Pardo | CIFP As Mercedes (Lugo) |
| Rosario Núñez Núñez | CEIP Sagrado Corazón (Lugo) |
| Gabriel De Paz Urueña | IES Marqués De Sargadelos (Cervo) |
| Ana Isabel Seoane Vázquez | IES Poeta Díaz Castro (Guitiriz) |
| José Manuel Fernández Dorado | IES Muralla Romana (Lugo) |
| Melania Coedo Pérez | CPI Virxe Do Monte (Cospeito) |
| Jesús Mata Bastos | CEIP Anexa (Lugo) |
| Covadonga Mata Bastos | CPI Virxe Do Monte (Cospeito) |
| Jose Luis Iglesias Fernández | IES Lucus Augusti (Lugo) |
| Lucía Rodil Gasalla | EPAPU Monterroso |
| M.ª Del Carmen Areán Prado | IES Muralla Romana (Lugo) |
| Verónica Gaute Montes | EOI De Lugo (Lugo) |
| M.ª Carmen Vivero González | IES Xograr Afonso Gómez (Sarria) |
| Eva Gómez Neira | CEIP De Nadela (Lugo) |
| M.ª Pilar Roibás Sierra | CEE Santa María (Lugo) |
| Josefa López Rivas | IES Pedregal De Irimia (Meira) |
| Elena Samartino López | IES Monte Castelo (Burela) |

| | |
|---|---|
| Lucía De La Torre Caneda | CEIP Frei Luís De Granada (Sarria) |
| Ana María Iglesias Fernández | CEIP Rosalia De Castro (Lugo) |
| M.ª Carmen Vila Enriquez | IES Muralla Romana (Lugo) |
| M.ª Inés Fernández Baz | IES Muralla Romana (Lugo) |
| M.ª Jesus Polo Pigueiras | IES Marqués De Sargadelos (Cervo) |
| Alicia Puchades Tella Villamarín | IES Anxel Fole (Lugo) |
| Mónica Rodríguez Crecente | CEIP Lagostelle (Guitiriz) |
| M.ª Fernanda Suárez Méndez | CPI De Castroverde |
| M.ª Jose Veiga Díaz | EOI De Lugo |
| Eva Cristina Piñeiro Janeiro | EOI De Lugo |
| Rosalía Pérez Gómez | CPI de Navia de Suarna |
| Eva Ríos Cobas | IES Río Miño (Rábade) |
| Patricia Muñoz-Ayala Sánchez | IES Sanxillao (Lugo) |
| Delia Remedios Polo Losada | IES Muralla Romana (Lugo) |
| M.ª Nila González Ferreiro | Equipo De Orientación Específico (Lugo) |
| María Nieves Domínguez González | IES Francisco Daviña Rei (Monforte de Lemos) |
| Marcos Santamaría Somoza | IES De Foz |
| Irene Calveiro Hermo | CEIP De Muimenta (Cospeito) |
| Carlos Vázquez Fernández | CEIP Illa Verde (Lugo) |
| María Isabel Santalla Lastra | CEIP Manuel Mato Vizoso (Vilalba) |
| Nieves Neira Roca | CPI De Cervantes |
| Ana Navaza Lence | CEIP As Gándaras (Lugo) |
| Alba Fernández Castedo | EEI Xela Arias (Sarria) |
| Marta García Guerra | IES Leiras Pulpeiro (Lugo) |
| María Castro Rodríguez | IES Fonmiñá (Pastoriza) |
| Tania Gayoso Felpeto | CEIP Monseivane (Vilalba) |
| Pablo Rocha Pena | IES Leiras Pulpeiro (Lugo) |
| Andrea Norma Bettinelli Campagnale | CEIP Virxe Do Corpiño (Begonte) |
| Jacobo Díaz Paz | CEIP De Muimenta (Cospeito) |
| Eva González Rodríguez | IES Leiras Pulpeiro (Lugo) |
| Javier Ramos Lamas | CPI Santo Tomé Do Carballo (Taboada) |
| Sara Campos González | CPI Virxe Do Monte (Cospeito) |
| María Núñez Chao | CPI Virxe Do Monte (Cospeito) |
| M.ª Yolanda Espiñeira Martinez | IES Nosa Sra. Dos Ollos Grandes (Lugo) |

Xosé Antón Domínguez López..... IES Val Do Asma (Chantada)
Miguel Fernández Triana..... IES María Sarmiento (Viveiro)
Sabela Varela Fernández..... IES A Pinguela (Monforte De Lemos)
Daniel Díaz Trigo..... IES Nosa Sra. Dos Ollos Grandes (Lugo)
Marta Cuba Alonso..... IES Francisco Daviña Rei (Monforte
..... de Lemos)
Lourdes Abuide Valcarce..... CPI Virxe Do Monte (Cospeito)
M.ª Dolores López Rodríguez..... IES Val Do Asma (Chantada)
M.ª Cristina Fernández Fernández..... CPI De Castroverde
Nazare Carrín Fernández..... IES Fontem Albei (A Fonsagrada)
Vanesa Rivas Pena..... IES Vilar Ponte (Viveiro)
Marisa Rodríguez Gigán..... IES Fontem Albei (A Fonsagrada)

# CANDIDATURA POR PROVINCIAS

## Ourense

| Traballadora | Centro de traballo |
|---|---|
| Comba Campoi García | CIFP Portovello (Ourense) |
| Óscar Franco Fernández | CIFP A Farixa (Ourense) |
| Gloria Vega Cuadrado | CPI José García García (Ourense) |
| Aarón Bernárdez Pérez | CEIP Filomena Dato (Barbadás) |
| Eva Dios González | IES As Lagoas (Ourense) |
| Alberto Fortes Novoa | IES García Barbón (Verín) |
| Ana Domínguez Álvarez | CEIP Inmaculada (Ourense) |
| David Bruzos Higuero | IES As Lagoas (Ourense) |
| Lucía Gil Iglesias | EOI de Ourense |
| Pepe Fernández Izquierdo | IES Lauro Olmo (O Barco) |
| Marianne Equy | CPI Padrenda-Crespos (Padrenda) |

| | |
|---|---|
| Álvaro Pérez Cancelas | IES Julio Prieto Nespereira (Ourense) |
| Cristina Cruz Fernández | CPI Antonio Faílde (Coles) |
| Xavier Pérez Gallego | CPI Padre Crespo (Xunqueira de Ambía) |
| Maribí Álvarez Campo | CEIP De Ribadavia |
| Rubén Álvarez Silva | IES San Mamede (Maceda) |
| Cristina Quiroga Iglesias | IES 12 De Outubro (Ourense) |
| Antonio Saco Rodríguez | CEIP Padre Feijóo (Allariz) |
| Marosa Ferreiro Lamas | CEIP Padre Feijóo (Allariz) |
| Germán López Hernández | EPAPU de Ourense |
| Ana Cristina Carid Peña | IES 12 de Outubro (Ourense) |
| Rubén Diz Díaz | CEIP Nosa Señora De Xuvencos (Boborás) |
| Paula Borrajo Castro | CPI Antonio Faílde (Coles) |
| Víctor Calviño Pérez | IES Cidade de Antioquía (Xinzo) |
| Xiana Lastra Pernas | IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño) |
| Noelia Dorrego Fernández | CIFP Portovello (Ourense) |
| José Ángel Lorenzo López | IES Celso Emilio Ferreiro (Celanova) |
| Beatriz Corbacho González | CPI Virxe dos Remedios (Castro Caldelas) |
| Adela Guinarte Varela | CEIP A Ponte (Ourense) |
| Sandra Álvarez Pérez | CEIP Irmáns Villar (Ourense) |
| María De Toro González | IES de Allariz |
| Raquel Varela Novoa | IES das Lagoas (Ourense) |
| Pilar Díaz Sóñara | CEIP Albino Nuñez (Ourense) |
| Silvia Barguiela Vázquez | CPI Antonio Faílde (Coles) |
| Cristalina Pérez González | CEIP Filomena Dato (Barbadás) |

# CANDIDATURA POR PROVINCIAS

## Pontevedra

| Traballadora | Centro de traballo |
|---|---|
| Bétol García Pichel | CEIP A Lomba (Vilagarcía de Arousa) |
| Manoel Ucha Díaz | IES Primeiro de Marzo (Baiona) |
| Lola Cousido Piñeiro | IES de Poio |
| Avelino Iglesias Fernández | IES Politécnico de Vigo |
| Laura Sánchez Fernández | IES Carlos Casares (Vigo) |
| Jacob Seijas Cal | IES Ribeira do Louro (O Porriño) |
| Mónica Soto Balo | IES Castelao (Vigo) |
| Pablo Nimo Liboreiro | CEIP de Belesar (Pontevedra) |
| Chus Ferrín Iglesias | IES Castelao (Vigo) |
| Mar Platero Vilaboa | IES do Castro (Vigo) |
| Yolanda Cobas Fernández | CEIP Plurilíngüe Carballal (Cabral) |
| Ana María Fernández Fernández | ESAD (Vigo) |
| Ana Belén Vázquez Pardal | IES de Cotobade (Pontevedra) |

| | |
|---|---|
| Diego González Mariño | Conservatorio Municipal de Ponteareas |
| Lorena Negreira López | CPI A Cañiza |
| Xosé Álvarez García | IES San Tomé de Freixeiro (Vigo) |
| María Irma Álvarez Dieguez | IES Politécnico de Vigo |
| María Victoria Pazos Garrido | IES Politécnico de Vigo |
| Ana Fresco Barreira | IES Politécnico de Vigo |
| Ángela Caldas Hernández | IES Primeiro de Marzo (Baiona) |
| Irene Seara Oro | CIFP Audiovisual de Vigo |
| Raquel Pérez Peleteiro | CEIP Dr. Fleming (Vigo) |
| Elvira Pérez Fernández | CEIP Dr. Fleming (Vigo) |
| Alberto Boullosa Vázquez | IES Plurilingüe A Paralaia (Moaña) |
| María Xosé Solleiro Díaz | IES San Paio (Tui) |
| María Fernandez Ferrón | CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez (Pontevedra) |
| Xavier Groba González | IES Primeiro de Marzo (Baiona) |
| Eva Piña Rodríguez | IES Politécnico de Vigo (Vigo) |
| Eliseu Mera Quintáns | IES de Valga (Valga) |
| Ana Gómez Fernández | CEIP Plurilingüe Seis do Nadal (Vigo) |
| Clara Rodríguez Márquez | IES Escolas Proval (Nigrán) |
| José Manuel Fernández González | CMUS Superior de Vigo |
| Gloria Marino Ambrosio | CIFP Manuel Antonio (Vigo) |
| Agostiño Nieto Pazó | EPA do Berbés (Vigo) |
| Inés Montenegro Fernández | IES Ricardo Mella (Vigo) |
| Agustín Lago Durán | CIFP Fermín Bouza Brey (Vilagarcía de Arousa) |
| Alejandra Pereira Añón | IES Álvaro Cunqueiro (Vigo) |
| Alexandre Cendón González | IES do Barral (Ponteareas) |
| Elena López Vara | IES de Rodeira (Cangas) |
| Xaquín Pastoriza Cerviño | IES Politécnico de Vigo (Vigo) |
| Mamen Pérez Rico | EOI Vilagarcía de Arousa |
| Emilio Ínsua López | IES A Basella (Vilanova de Arousa) |
| Susana Faílde Porto | IES Pintor Colmeiro (Silleda) |
| Antía Marcote Cal | IES Primeiro de Marzo (Baiona) |
| Esther Pedrouzo Vázquez | IESA Sangriña (A Guarda) |

STEG